- Materiais dixitais: ordenadores, proxectos, pizarra dixital, páxinas web, aula virtual, aplicacións TIC...
- Libros de texto para o alumnado e o profesorado.
- Fichas de reforzo e ampliación.
- Recursos específicos de cada unidade.
- Dicionarios.
- Libros de lectura (biblioteca de aula).
- Recursos audiovisuais (vídeos, infografías, visual thining...)

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante o primeiro mes do curso escolar, e terá en conta:

- A análise dos informes persoais da etapa ou o curso anterior.
- Outros datos obtidos polo profesorado sobre o punto de partida desde o que o alumno ou a alumna inicia as novas aprendizaxes.

Dita avaliación inicial será o punto de referencia do equipo docente para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e para a súa adecuación ás características e coñecementos do alumnado.

Como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptaranse as medidas pertinentes de apoio, ampliación, reforzo ou recuperación para aqueles alumnos e alumnas que o precisen.

Para iso, é conveniente iniciar o curso con actividades para activar no alumnado os coñecementos e destrezas traballados con anterioridade, traballando os aspectos fundamentais que o alumnado debería coñecer ata o momento. De igual modo débense propoñer actividades suficientes que nos permitan coñecer realmente as destrezas e os coñecementos que posúen os alumnos e as alumnas de cada grupo, a fin de abordar o proceso educativo realizando os axústos pertinentes ás necesidades e características tanto de grupo como individuais para cada alumno ou alumna, de acordo con o establecido no marco do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>8</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	30	<b>58</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	70	<b>42</b>

### Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

- Realizaremos unha proba escrita en cada unha das Unidades Didácticas que traballaremos ao longo do curso,
- Mediante a observación directa e sistemática completaremos unha táboa de indicadores ou rúbrica coa que valoraremos os seus traballos, as exposicións destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as.

En cada unidade, o 60% da cualificación virá dada por unha proba escrita, e o 40% restante mediante unha táboa de indicadores.

### Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a.

Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias.
- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado, a súa integración e inclusión.
- Partiremos do nivel de cada alumno/a.
- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
- Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algúns estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, polos mestres especialistas en pedagogía terapéutica e Audición e Linguaxe ou pola mestra ou mestre de apoio.

En todo caso intentarase:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun criterio de avaliación que se avalíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A educación inclusiva convértese nun principio fundamental co obxectivo de atender á diversidade das necesidades de todo o alumnado. Trátase do compromiso do sistema educativo de facilitar a todo o alumnado a aprendizaxe, cos mesmos dereitos e en igualdade de oportunidades. Para desenvolver esta programación didáctica, atenderase ás medidas de atención á diversidade tendo en conta as necesidades e as características do alumnado. Deste xeito, nas unidades didácticas recolleranse criterios de avaliación, contidos e a súa contribución á adquisición das competencias específicas, adaptadas ao nivel de aprendizaxe do alumnado.

Esta programación didáctica tivo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, para favorecer a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, fomentando especialmente unha metodoloxía centrada na actividade e participación do alumnado, que favoreza o pensamento racional e crítico, o traballo individual e cooperativo do alumnado na aula, que implique a lectura e a investigación, así como as diferentes posibilidades de expresión.

Como primeira medida de atención á diversidade natural na aula, propóñense actividades e tarefas nas que o alumnado poñerá en práctica un amplo repertorio de procesos cognitivos, tales como identificar, analizar, recoñecer, asociar, reflexionar, razoar, deducir, inducir, decidir, explicar, crear, etc., evitando que as situacións de aprendizaxe se centren, tan só, no desenvolvemento dalgúns deles, permitindo un axuste destas propostas aos diferentes estilos de aprendizaxe.

Outra medida é a inclusión de actividades e tarefas que requirirán a cooperación e o traballo en equipo para a súa realización. A axuda entre iguais permitirá que o alumnado aprenda dos demais estratexias, destrezas e habilidades que contribuirán ao desenvolvemento das súas capacidades e á adquisición das competencias específicas.

Terase en conta que uno dos principios que rexe o ensino da etapa de Educación Primaria é a atención á diversidade, de modo que permita a cada alumno e alumna alcanzar os obxectivos da etapa. Coa finalidade de levar a cabo tales medidas, é recomendable realizar un diagnóstico e descrición do grupo ou grupos de alumnado aos que vai dirixida esta programación didáctica, así como unha valoración das necesidades individuais de acordo cos seus potenciais e debilidades, con especial atención ao alumnado que require medidas específicas de apoio educativo (alumnado con áreas non superadas en cursos anteriores, alumnado de incorporación tardía, con necesidades educativas especiais, con altas capacidades intelectuais).

Referente ás necesidades individuais, será necesario detectar que alumnado require maior seguimento educativo ou personalización das estratexias para planificar reforzos ou ampliacións, xestionar convenientemente os espazos e os tempos, propoñer intervención de recursos humanos e materiais, e axustar o seguimento e a avaliación das súas aprendizaxes.

Para todo isto, a avaliación inicial que se realiza ao comezo do curso, será un procedemento moi axeitado no que se identifiquen as competencias que o alumnado ten adquiridas, máis aló dos meros coñecementos, que lles permitirá a adquisición de novas aprendizaxes, destrezas e habilidades.

Propoñeranse actividades complementarias que facilitan tanto o reforzo como a ampliación para alumnado con diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. As actividades serán flexibles e poderanse expor de forma ou en número diferente a cada alumno ou alumna para dar resposta aos seus intereses ou características.

Potenciarase o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) para garantir unha efectiva educación inclusiva, permitindo o acceso ao currículo a todo o alumnado que presente NEAE. Para iso, desenvolveranse dinámicas de traballo que axuden a descubrir o talento e o potencial de cada alumno e alumna e integraranse diferentes formas de presentación do currículo, metodoloxías variadas e recursos que respondan a distintos estilos e ritmos de aprendizaxe.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X					X	
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico			X			X		
ET.7 - Espírito de emprendemento				X				X
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz					X			X
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X						
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivosocial	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X	
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico	X		X	
ET.7 - Espírito de emprendemento				X
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz		X		
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X			X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivosocial	X	X	X	X

#### Observacións:

Estes elementos desenvolveranse de xeito transversal sen perxuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas da etapa.

Asimesmo, porase especial atención na potenciación da aprendizaxe significativa para o desenvolvemento das competencias transversais que promovan a autonomía e a reflexión.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Mostra de teatro infantil	Asistencia obra de teatro no mes de outubro	X		

#### Observacións:

Ao longo do curso realizaranse diferentes actividades para celebrar as conmemoracións sinaladas na Orde de 3 de mayo de 2023 por la que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024.

Participarase noutras actividades de interese pedagóxico que poidan xurdir ao longo do curso.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presentación axeitada e motivadora dos conceptos.
Nivel de dificultade axeitado ás características do alumnado.



Metodoloxía empregada
Actividades variadas na aula.
Seguimento (control do proceso de Ensinanza-Aprendizaxe).
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Recursos variados para a presentación de contidos e realización de tarefas.
Organización da aula, cunha boa organización do tempo e dos agrupamentos.
Instrucións e orientacións ao traballo do alumnado.
Medidas organizativas axeitadas para atender ao alumnado NEAE.
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade con medidas organizativas axeitadas para atender ao alumnado.
Clima de traballo na aula
Motivación inicial do alumnado mantendo o seu interese.
Motivación ao longo do proceso para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Clima de traballo favorecedor para o fomento do respecto e a colaboración entre o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realización de reunións de ciclo e nivel co fin de coordinar a actividade educativa.
Manter un contacto estreito coas familias a través de reunións presenciais e abalar.

### Descrición:

A elaboración da programación seguirá a lexislación vixente, o recollido no documento de concreción curricular e as instrucións de Inspección educativa.

Os mestres e mestras do centro seguimos unha serie de pautas á hora de elaborar as programacións de aula de cada curso, mantendo un esquema de referencia que nos permita levar a cabo un traballo común e consensuado en todas as etapas educativas.

Deste modo, tódalas programacións reflicten os seguintes indicadores:

- Introdución e contextualización.
- Competencias Clave.
- Obxectivos.
- Contidos.
- Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliable e grao mínimo de consecución (mínimos) para superar a materia.
- Temporalización.
- Procedementos e instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía.
- Materiais e recursos didácticos incluídos libros de texto.
- Criterios de avaliación e de cualificación e promoción.
- Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente. (Este punto queda recollido no apartado anterior, indicadores de logro).
- Deseño da avaliación inicial.
- Medidas de atención á diversidade.
- Procedemento de información ás familias.

-Actividades complementarias e extraescolares programadas.

-Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora.

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica.

Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica.

Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001471	CEIP Plurilingüe Praia Xardín	Boiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	4º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	96
4.2. Materiais e recursos didácticos	97
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	98
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	98
6. Medidas de atención á diversidade	99
7.1. Concreción dos elementos transversais	100
7.2. Actividades complementarias	101
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	101
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	103
9. Outros apartados	103

## 1. Introducción

A programación que se presenta a continuación está destinada ao alumnado de 4º curso de Educación Primaria do CEIP Praia Xardín. O alumnado deste nivel, 27 alumnos e/ou alumnas, está distribuído en dous grupos. No grupo A hai un alumno repetidor coa área de lingua galega suspensa e outro alumno con avaliación negativa no curso anterior. No grupo B, a totalidade do alumnado promocionou de curso cunha avaliación positiva en lingua galega, pero debemos destacar que arredor dun 40% do alumnado ten como lingua materna o castelán, así que precisan mellorar a súa competencia comunicativa e lingüística en galego.

Unha vez realizada a sesión de avaliación inicial, obsérvase que as maiores dificultades que presenta o alumnado en canto ás linguas en xeral, son as relacionadas coa lectura e a escritura, aspectos nos que se precisa afondar neste curso.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Falemos de museos!	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral e escrita de noticias sobre museos.</li> <li>- Expresión oral: falamos sobre museos.</li> <li>- Expresión escrita: elaboración dunha noticia sobre algunha celebración ou evento que terá lugar no colexio.</li> <li>- Adquisición de novo vocabulario: afeccións.</li> <li>- Coñecemento da cultura galega: A Rea Academia Galega e a Casa-Museo de Emilia Pardo Bazán.</li> <li>- Tipos de comunicación: verbal e non verbal.</li> <li>- A sílaba tónica e o acento gráfico.</li> </ul>	9	14	X		
2	Ti tamén eres parte da familia	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral e escrita de textos sobre a diversidade das familias.</li> <li>- Expresión oral: describimos persoas.</li> <li>- Expresión escrita: elaboramos un texto narrativo.</li> <li>- Coñecemos novo vocabulario sobre o campo semántico do parentesco.</li> <li>- Cultura: algúns protagonistas da literatura galega infantil.</li> <li>- Gramática: A oración, o parágrafo e o texto.</li> <li>- Ortografía: As palabras agudas.</li> </ul>	9	14	X		
3	Aprende dos animais	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral e escrita de textos e fábulas sobre animais.</li> <li>- Expresión oral: falamos de cómo poden axudarnos os animais.</li> <li>- Expresión escrita: elaboramos un texto expositivo.</li> <li>- Coñecemos novo vocabulario sobre o campo semántico dos animais.</li> <li>- Cultura: algúns animais en perigo de extinción.</li> <li>- Gramática: As clases de oracións.</li> <li>- Ortografía: As palabras graves e esdrúxulas.</li> </ul>	8	13	X		
4	Coido a miña saúde	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral e escrita dun texto e un vídeo con recomendacións sobre a saúde.</li> <li>- Expresión oral: falamos sobre os hábitos persoais.</li> <li>- Expresión escrita: Elaboramos un cartel sobre hábitos saudables.</li> <li>- Coñecemos novo vocabulario sobre o campo semántico das larpeiradas.</li> <li>- Cultura: A festa do Nadal e o consumo de doces nesta época do ano (reflexión).</li> <li>- Gramática: O suxeito e o predicado.</li> <li>- Ortografía: O ditongo e o hiato.</li> </ul>	8	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Sacha a horta!	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral e escrita dun texto e unha canción sobre a temática da horta.</li> <li>- Expresión oral: falamos de como distinguir unha cabaza e unha cabaciña.</li> <li>- Expresión escrita: elaboramos unha ficha sobre unha hortaliza.</li> <li>- Cultura: Os mercados ecolóxicos.</li> <li>- Gramática: O nome e as súas clases.</li> <li>- Ortografía: Os signos de puntuación.</li> </ul>	9	12		X	
6	A poesía audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral e escrita de poemas, poemas musicados e videoclips.</li> <li>- Expresión oral: recitamos poemas.</li> <li>- Expresión escrita: Elaboramos caligramas.</li> <li>- Coñecemos novo vocabulario do campo semántico das plantas e das flores.</li> <li>- Cultura: As regueifas.</li> <li>- Gramática: O adxectivo.</li> <li>- Ortografía: As palabras rematadas en -axe.</li> <li>- Creación dun videopoema.</li> </ul>	9	12		X	
7	Resolvemos conflitos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral e escrita dun conto e de diferentes opinións.</li> <li>- Expresión oral: falamos dos valores do deporte.</li> <li>- Expresión escrita: creamos un cómic.</li> <li>- Coñecemos novo vocabulario sobre o deporte.</li> <li>- Cultura: Vero Boquete.</li> <li>- Gramática: Os artigos e os demostrativos.</li> <li>- Ortografía: palabras con b e v.</li> </ul>	8	11		X	
8	Esta é a miña casa	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral e escrita dun texto sobre unha mudanza e unha canción.</li> <li>- Expresión oral: crear un anuncio.</li> <li>- Expresión escrita: describir unha casa.</li> <li>- Coñecer novo vocabulario sobre a vivenda.</li> <li>- Cultura: A arquitectura tradicional.</li> <li>- Gramática: Os posesivos e os numerais.</li> <li>- Ortografía: As palabras con nh.</li> </ul>	8	11		X	
9	Vaia espectáculo!	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral e escrita dun texto teatral e outro de información sobre espectáculo.</li> <li>- Expresión oral: dramatización dunha historia.</li> <li>- Expresión escrita: escribir un pequeno texto teatral.</li> <li>- Coñecemos novo vocabulario sobre os espectáculos.</li> <li>- Cultura: O Novo Circo Gallego.</li> <li>- Gramática: As preposicións e as conxuncións.</li> <li>- Ortografía: As palabras con ll e i.</li> </ul>	8	10			X
10	Persoas con don	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral e escrita dunha biografía e historias de grandes</li> </ul>	8	10			X



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Persoas con don	personaxes. - Expresión oral: a lingua de signos e o Braille. - Expresión escrita: escribimos unha biografía. - Conecemos novo vocabulario sobre a pintura. - Cultura: A pintura en Galicia. - Gramática: Os pronomes persoais. - Ortografía: As palabras con h.	8	10			X
11	É cousa de meigas!	- Comprensión e expresión oral de contos e historias de meigas. - Comprensión escrita: aprendemos a presentar traballos. - Expresión oral: As frases feitas. - Coñecemos novo vocabulario sobre seres fantásticos. - Cultura: A mitoloxía galega. - Gramática: O verbo. - Ortografía: Os verbos acabados en -ber e -ver.	8	10			X
12	Imos de vacacións!	- Comprensión oral e escrita dun programa de festas e identificamos a gheada e o seseo nunha audición. - Expresión oral: Aprendo refráns. - Expresión escrita: Escribo un programa de festas. - Coñezo novo vocabulario sobre as festas. - Cultura: As festas de verán. - Gramática: O adverbio. - Ortografía: Os verbos rematados en -bir e -vir.	8	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Falemos de museos!	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le noticias sobre museos e segue sen dificultade o texto.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le noticias sobre museos e responde preguntas de comprensión.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Le unha noticia e identifica as súas partes principais: titular, entrada e corpo.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Le con velocidade axeitada.		
CA3.6 - Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Elabora unha noticia sinxela con titular, entrada e corpo.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.	Elaborar unha noticia, con informacións concretas e integrando recursos gráficos.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Exprésase as súas ideas de xeito coherente.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Argumenta a súa opinión sobre un tema.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Completa unha noticia coas palabras clave dadas,		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece e diferencia unha noticia dunha entrevista.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Relaciona adxectivos co substantivo correspondente, atendendo ao xénero e número.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Atopa palabras no dicionario. Separa correctamente en sílabas unha palabra dada.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece e identifica a sílaba tónica en palabras e o acento gráfico.		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Recoñece e emprega novo vocabulario presentado na unidade..		
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Identifica a lingua empregada.		
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna, especialmente a dualidade galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural.	Mostra respecto pola lingua empregada polos/as compañeiros/as.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorando a diversidade cultural existente a través da interacción coas persoas próximas.	Identifica as lingua faladas no entorno familiar.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Identifica vocabulario discriminatorio nas conversas.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respecta aos compañeiros/as na súas interaccións orais.	TI	40
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Escoita conversas sobre historias do verán e responde ás preguntas de comprensión.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Recoñece o vocabulario empregado.		
CA2.3 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.	Escoita atentamente aos compañeiros/as		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Da instrucións ordenadas que leven á consecución dun obxectivo sinxelo.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Aporta ideas e respecta aos/ás compañeiros/as.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Dado un tema, é quen de quen de expoñer e argumentar as súas ideas.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Chegan a un acordo grupal sobre un conflito.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Debate e chega a acordos para elaborar normas.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Distingue nun xornal ou revista as noticias e entrevistas.		
CA3.8 - Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e das virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Busca na biblioteca obras adecuadas aos seus gustos. Recomenda unha obra.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Chegan a un acordo grupal sobre un conflito.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Dada unha páxina web é quen de acceder a ela e consultar a información requirida.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Explica resultados da investigación.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Busca na biblioteca de aula obras adecuadas aos seus gustos e intereses.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Busca información nunha páxina web.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Participa na lectura colectiva de textos.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa na lectura colectiva dunha noticia.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Le varias noticias sobre museos expresando cal lle gusta máis. Velocidade lectora axeitada ao seu nivel.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Le con velocidade e entonación axeitadas.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.	Emprega o galego para expresar os resultados da súa investigación.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Recoñece a biblioteca de aula como fonte de recursos de lectura.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos en lingua galega na práctica escolar.	Le en voz alta un texto coa entonación axeitada.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoita textos e relaciónaos coas ilustracións correspondentes.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Diferencia entre comunicación verbal e non verbal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo.</li> <li>- Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma.</li> <li>- Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia.</li> <li>- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.</li> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Contexto</li> </ul>

## Contidos

- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente en lingua galega.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Estratexias de expresión e escoita activa empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias.
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen intereses e gustos.
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar, recoller datos e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
- Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).

## Contidos

- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Creación de textos breves utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación, o modelo discursivo que corresponda e progresando no uso de normas ortográficas.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.

## Contidos

- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos en galego procedentes de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras en galego, a través de conversacións literarias, participando activamente na comunidade lectora escolar.
- Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas, progresando no ritmo, entoación e dicción.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra.
- Análise guiada dos recursos expresivos e os seus efectos na recepción do texto.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro) e elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios, valorando o sentido estético e a creatividade.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental e referencia interna.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.



UD	Título da UD	Duración
2	Ti tamén eres parte da familia	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le un fragmento dun texto narrativo e participa na orde correspondente.	PE	60
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le un texto narrativo sinxelo e responde preguntas de comprensión.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Recoñece a introdución, nó e desenlace dun texto.		
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos en galego procedentes de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras en galego, a través de conversacións literarias, participando activamente na comunidade lectora escolar.
- Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.

## Contidos

- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas, progresando no ritmo, entoación e dicción.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra.
- Análise guiada dos recursos expresivos e os seus efectos na recepción do texto.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro) e elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios, valorando o sentido estético e a creatividade.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal.
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero, número, persoa) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Entendemos a metodoloxía didáctica como o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos expostos potenciando o desenvolvemento das competencias clave desde unha perspectiva transversal. A metodoloxía didáctica debe guiar os procesos de ensino-aprendizaxe da área, e dará resposta a propostas pedagóxicas que consideren a atención á diversidade e o acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, empregaranse métodos que, partindo da perspectiva do profesorado com orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, axústense ao nivel competencial inicial deste e teñan en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

A modo de síntese, como principios metodolóxicos poderíamos sinalar:

- A aprendizaxe significativa a través dun ensino para a comprensión e unha estimulación dos procesos de pensamento.
- A aplicación do aprendido en diferentes contextos reais ou simulados, mostrando a súa funcionalidade e contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave.
- A aprendizaxe por descubrimento como vía fundamental de aprendizaxe.
- O fomento da creatividade a través de tarefas e actividades abertas que supoñan un reto para o alumnado.

- O desenvolvemento de destrezas básicas que potencien aspectos clave como a lectura, o debate, a oratoria.
- Fomento da autonomía nas aprendizaxes, o que implica o desenvolvemento da competencia de aprender a aprender como elemento fundamental para a aprendizaxe ao longo da vida. Por iso, en cada unidade didáctica, o alumnado reflexionará sobre o "como aprendín?". Tamén se incluírán actividades de aprendizaxe cooperativo.
- Inclusión das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) como medio para que o alumnado explore as súas posibilidades para aprender. comunicarse e realizar as súas propias achegas e creacións utilizando diversas linguaxes.
- O fomento dun bo clima de aula que permite que o alumnado se centre na aprendizaxe e lle axude no seu proceso de educación emocional. Isto implica axudarlle ao alumnado a desenvolver e fortalecer os principios e valores que fomenten a igualdade, a convivencia, a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
- Atención á diversidade do alumnado, realizando accións para coñecer as características de cada un/unha e axustarse a elas.
- Uso de estratexias de aprendizaxe emocional para o achegamento do alumnado á xestión das súas emocións, desenvolvendo principios de empatía e resolución de conflitos que lle permitan convivir na sociedade plural na que vivimos.
- Combinación de diversos agrupamentos, valorando a titoría entre iguais e a aprendizaxe cooperativa como medios para favorecer unha atención de calidade a todo o alumnado e a educación en valores.
- Potenciar o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) para garantir unha efectiva educación inclusiva, permitindo o acceso ao currículo de todo o alumnado que presente NEAE. Desenvolveremos dinámicas de traballo que axuden a descubrir o talento e o potencial de cada alumno/a, empregando metodoloxías e recursos variados que permitan adaptarnos aos distintos estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
- Material funxible: cadernos do alumnado, folios, cartolinas, papeis de cores, goma, lapis, rotuladores, ceras, bolígrafos, ...
- Material elaborado: fichas, guías, resumos, esquemas,...
- Material dixital: ordenador, proxector, pizarra dixital, páxinas web, aula virtual, aplicacións TIC,...
- Libros de texto para o alumnado e o profesorado.
- Fichas de reforzo e ampliación.
- Recursos específicos de cada unidade.
- Dicionarios.
- Libros de lectura (biblioteca de aula).
- Recursos audiovisuais (vídeos, infografías, visual thinking,...)

Para garantir unha efectiva educación inclusiva e, atendendo aos principios do DUA, empregaremos recursos que respondan aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, ofrecéndolle diferentes vías para a adquisición das aprendizaxes.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial do alumnado realizarase durante o mes de setembro e será o punto de referencia do equipo docente para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e para a súa adecuación ás características e coñecementos do alumnado. Polo tanto, comezaremos o curso con actividades para activar no alumnado os coñecementos e destrezas traballados con anterioridade, traballando os aspectos fundamentais que o alumnado debería coñecer ata o momento. Propoñeranse actividades suficientes que nos permitan coñecer as destrezas e os coñecementos que posúen os alumnos e as alumnas de cada grupo, a fin de abordar o proceso educativo realizando os axustes pertinentes ás necesidades e características tanto do grupo como individuais para cada alumno ou alumna, de acordo co establecido no marco de Plana Xeral de Atención á Diversidade.

Para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial a celebrar o 26/09/23, na que se adoptaron as medidas de apoios ou reforzo para cada un dos grupos:

- No grupo de 4ºA: cinco alumnos/as precisarán apoio por parte do profesorado especialista en PT ou AL, e un alumno/a precisará reforzo por parte do profesor titor ou do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- No grupo de 4ºB: cinco alumnos/as precisarán apoio por parte do profesorado especialista en PT ou AL, e outros cinco alumnos/as precisarán reforzo por parte do profesor titor ou do profesorado con dispoñibilidade horaria.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	9	9	8	8	9	9	8	8	8	8
<b>Proba escrita</b>	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	8	8	100
<b>Proba escrita</b>	60	60	60
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40

### Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

- Realizaremos unha proba escrita en cada unha das Unidades Didácticas que traballaremos ao longo do curso,
- Mediante a observación directa e sistemática completaremos unha táboa de indicadores ou rúbrica coa que valoraremos os seus traballos, as exposicións destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as.

En cada unidade, o 60% da cualificación virá dada por unha proba escrita, e o 40% restante mediante unha táboa de

indicadores.

### **Criterios de recuperación:**

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a.

Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

-Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias.

-Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado, a súa integración e inclusión.

-Partiremos do nivel de cada alumno/a.

-Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.

-Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algúns estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e/ou polo profesorado con dispoñibilidade horaria, noutras ocasións, polos mestres especialistas en pedagogía terapéutica e Audición e Linguaxe.

En todo caso intentarase:

-Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.

-Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.

-Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun criterio de avaliación que se avalie tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A educación inclusiva convértese nun principio fundamental co obxectivo de atender á diversidade das necesidades de todo o alumnado. Trátase do compromiso do sistema educativo de facilitar a todo o alumnado a aprendizaxe, cos mesmos dereitos e en igualdade de oportunidades. Para desenvolver esta programación didáctica, atenderase ás medidas de atención á diversidade tendo en conta as necesidades e as características do alumnado. Deste xeito, nas unidades didácticas recolleranse criterios de avaliación, contidos e a súa contribución á adquisición das competencias específicas, adaptadas ao nivel de aprendizaxe do alumnado.

Esta programación didáctica tivo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, para favorecer a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, fomentando especialmente unha metodoloxía centrada na actividade e participación do alumnado, que favoreza o pensamento racional e crítico, o traballo individual e cooperativo do alumnado na aula, que implique a lectura e a investigación, así como as diferentes posibilidades de expresión.

Como primeira medida de atención á diversidade natural na aula, propoñense actividades e tarefas nas que o alumnado poñerá en práctica un amplo repertorio de procesos cognitivos, tales como identificar, analizar, recoñecer, asociar, reflexionar, razoar, deducir, inducir, decidir, explicar, crear, etc., evitando que as situacións de aprendizaxe se centren, tan só, no desenvolvemento dalgúns deles, permitindo un axuste destas propostas aos diferentes estilos de aprendizaxe.

Outra medida é a inclusión de actividades e tarefas que requirirán a cooperación e o traballo en equipo para a súa realización. A axuda entre iguais permitirá que o alumnado aprenda dos demais estratexias, destrezas e habilidades que contribuirán ao desenvolvemento das súas capacidades e á adquisición das competencias específicas.

Terase en conta que uno dos principios que rexe o ensino da etapa de Educación Primaria é a atención á diversidade, de modo que permita a cada alumno e alumna alcanzar os obxectivos da etapa. Coa finalidade de levar a cabo tales medidas, é recomendable realizar un diagnóstico e descrición do grupo ou grupos de alumnado aos que vai dirixida esta programación didáctica, así como unha valoración das necesidades individuais de acordo cos seus potenciais e debilidades, con especial atención ao alumnado que require medidas específicas de apoio educativo (alumnado con áreas non superadas en cursos anteriores, alumnado de incorporación tardía, con necesidades educativas especiais, con altas capacidades intelectuais).

Referente ás necesidades individuais, será necesario detectar que alumnado require maior seguimento educativo ou

personalización das estratexias para planificar reforzos ou ampliacións, xestionar convenientemente os espazos e os tempos, propoñer intervención de recursos humanos e materiais, e axustar o seguimento e a avaliación das súas aprendizaxes.

Para todo isto, a avaliación inicial que se realiza ao comezo do curso, será un procedemento moi axeitado no que se identifiquen as competencias que o alumnado ten adquiridas, máis aló dos meros coñecementos, que lles permitirá a adquisición de novas aprendizaxes, destrezas e habilidades.

Propoñeranse actividades complementarias que facilitan tanto o reforzo como a ampliación para alumnado con diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. As actividades serán flexibles e poderanse expor de forma ou en número diferente a cada alumno ou alumna para dar resposta aos seus intereses ou características.

Potenciarase o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) para garantir unha efectiva educación inclusiva, permitindo o acceso ao currículo a todo o alumnado que presente NEAE. Para iso, desenvolveranse dinámicas de traballo que axuden a descubrir o talento e o potencial de cada alumno e alumna e integranse diferentes formas de presentación do currículo, metodoloxías variadas e recursos que respondan a distintos estilos e ritmos de aprendizaxe.

Aplicaranse os diferentes protocolos elaborados pola Consellería de Educación para atender á diversidade do alumnado con NEAE (TDAH, TEA, DISLEXIA,...)

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X		X	X	
ET.4 - Competencia dixital	X		X		X	X		X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico	X			X	X			
ET.7 - Espírito do emprendemento	X	X		X		X		X
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres		X	X		X	X	X	
ET.9 - Educación para a paz				X			X	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable	X			X	X			X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-social		X		X	X		X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X		X
ET.4 - Competencia dixital		X	X	
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico	X	X		
ET.7 - Espírito do emprendemento	X		X	X
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres		X		
ET.9 - Educación para a paz	X	X		X
ET.10 - Educación para o consumo responsable	X			X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-social		X		

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Mostra de teatro	Asistencia a unha representación teatral no auditorio de A Cachada (Boiro)	X		
Visita museos científicos	Visita ao Domus e ao Aquarium Finiesterrae de A Coruña.		X	
Saídas pola contorna	Faremos diferentes saídas pola contorna coa intención de conectar os contidos traballados coa vida cotiá.		X	X
Obradoiro de alimentación saudable	Asistencia a un obradoiro teórico-práctico para coñecer as propiedades nutricionais de cada alimento así como os beneficios que poden achegar á nosa saúde.	X		

### Observacións:

Ao longo do curso realizaranse diferentes actividades para celebrar as conmemoracións sinaladas na Orde de 3 de mayo de 2023 por la que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024.

Participarase noutras actividades de interese pedagóxico que poidan xurdir ao longo do curso.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
----------------------

Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presentación axeitada e motivadora dos conceptos.
Nivel de dificultade axeitado ás características do alumnado.
Metodoloxía empregada
Actividades variadas na aula.
Seguimento (control do proceso de ensino-aprendizaxe).
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización da aula cunha boa organización dos tempos e agrupamentos.
Instrucións e orientacións ao traballo do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Medidas organizativas axeitadas para atender ao alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
Motivación inicial do alumnado mantendo o seu interese.
Motivación ao longo do proceso para lograr o máximo rendemento do alumnado.
Clima de traballo favorecedor para o fomento do respecto e a colaboración entre o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realización de reunións de ciclo e nivel co fin de coordinar a actividade educativa.
Manter un contacto continuo coas familias a través de reunións presenciais e a aplicación ABALAR.

### Descrición:

A elaboración da programación seguirá a lexislación vixente, o recollido no documento de concreción curricular e as instrucións de Inspección educativa.

Os mestres e mestras do centro seguimos unha serie de pautas á hora de elaborar as programacións de aula de cada curso, mantendo un esquema de referencia que nos permita levar a cabo un traballo común e consensado en todas as etapas educativas.

Deste modo, tódalas programacións reflicten os seguintes indicadores:

-Introdución e contextualización.

-Competencias Clave.

-Obxectivos.

-Contidos.

-Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliable e grao mínimo de consecución (mínimos) para superar a materia.

-Temporalización.

-Procedementos e instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía.

-Materiais e recursos didácticos incluídos libros de texto.

-Criterios de avaliación e de cualificación e promoción.

-Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente. (Este punto queda recollido no apartado anterior, indicadores de logro).

-Deseño da avaliación inicial.



- Medidas de atención á diversidade.
  - Procedemento de información ás familias.
  - Actividades complementarias e extraescolares programadas.
  - Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora.
- Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica.
- Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001471	CEIP Plurilingüe Praia Xardín	Boiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	4º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de ciencias da natureza no CEIP Plurilingüe Praia Xardín. O alumnado para o que vai destinada esta programación, un total de 27 alumnos e alumnas, atópase no cuarto curso da etapa de educación primaria.

Hai que destacar que este alumnado está distribuído en dous grupos; o grupo A, ten 13 alumnos/as e conta cun alumno repetidor; mentres que no grupo B están escolarizados un total de 14 alumnos/as.

En ambos grupos hai alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

A localización do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de praia, monte, lagoas, etc. Así como as instalacións do mesmo, como é o caso do horto escolar.

Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Cultura Científica"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización".

Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas coa materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, así como o funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e conseqüentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	SENTIDO E SENSIBILIDADE	Nesta unidade didáctica abordaranse os aspectos xerais das funcións vitais do ser humano, a importancia dos órganos dos sentidos e o seu coidado para interactuar co entorno a partir de experiencias cotiás.	20	12	X		
2	O NOSO CORPO, UNHA MÁQUINA PERFECTA.	Durante a unidade o alumnado accederá ao coñecemento do funcionamento do aparato respiratorio, do sistema nervioso e do aparato locomotor do corpo humano a través dos músculos, os ósos e as articulacións, ademais dos hábitos de saúde para previr enfermidades.	20	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	SOMOS O QUE COMEMOS	O eixe central desta unidade é o coñecemento do funcionamento do aparato dixestivo, así como o coidado da saúde a través do coñecemento dos alimentos, pautas para unha alimentación saudable e para a prevención de enfermidades, riscos e accidentes.	15	12		X	
4	COIDADADO!	Ao longo desta unidade o alumnado accederá ao coñecemento sobre as características principais e o funcionamento dos aparatos circulatorio, excretor e reprodutor, ademais de hábitos saudables para previr enfermidades ou accidentes.	20	12		X	
5	ENCHUFADOS	A materia e as súas propiedades, coñece e utilizar instrumentos de medida. A enerxía, formas e transformacións. Enerxías renovables e non renovables. Distinguir entre calor e temperatura así como os efectos da calor nos corpos. A importancia da reciclaxe dos materiais.	10	11			X
6	ALUMEA O MUNDO.	Nesta última unidade do curso o alumnado accederá os contidos relacionadas coas forzas de contacto, as máquinas simples, a electricidade e a súa relación co magnetismo e a importancia da tecnoloxía na vida cotiá.	15	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	SENTIDO E SENSIBILIDADE	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer as funcións vitais. Coñecer os aparatos e órganos dos sentidos implicados na función de relación.	PE	60

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas a través da observación.				
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.				
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.				
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos de forma guiada.				
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información e creación de contidos dixitais.			TI	40
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.				
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.				
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.				

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.</li> <li>- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.</li> <li>- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados.</li> <li>- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> <li>- Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución. Importancia dos órganos dos sentidos e do seu coidado para relacionarse coa contorna.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).</li> <li>- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).</li> <li>- Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.</li> <li>- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.</li> <li>- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e correos non desexados) e estratexias de actuación.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución.</li> <li>- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.</li> <li>- Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.</li> </ul> </li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	O NOSO CORPO, UNHA MÁQUINA PERFECTA.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer o sistema nervioso, os aparatos locomotor e respiratorio e o seu funcionamento.	PE	60
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas a través da observación.	TI	40
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos de forma guiada.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.	Identifica o erro como parte da aprendizaxe		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información e creación de contidos dixitais.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.</li> <li>- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.</li> <li>- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados.</li> <li>- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> <li>- Sistema nervioso e o aparello locomotor. Os ósos, as articulacións e os músculos. Hábitos de hixiene postural nas súas actividades diarias.</li> <li>- Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, xestión do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais e estratexias para o fomento de relacións sociais saudables. Educación afectivo-sexual.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).</li> <li>- Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.</li> </ul> </li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.</li> <li>- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e correos non desexados?) e estratexias de actuación.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución.</li> <li>- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.</li> <li>- Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.</li> </ul> </li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	SOMOS O QUE COMEMOS	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.	Coñecer o aparato dixestivo e o seu funcionamento. Coñecer e adoptar hábitos de vida saudables para previr enfermidades relacionadas coa función de nutrición e a alimentación.	PE	60
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas a través da observación.	TI	40
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos de forma guiada.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información e creación de contidos dixitais.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.</li> <li>- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.</li> <li>- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados.</li> <li>- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> <li>- Pautas para unha alimentación saudable e sustentable. Pirámide dos alimentos e clasificación en función dos seus nutrientes principais.</li> <li>- Pautas para a prevención de enfermidades, riscos e accidentes na súa contorna máis próxima.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).</li> <li>- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).</li> <li>- Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.</li> <li>- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.</li> <li>- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e correos non desexados) e estratexias de actuación.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución.</li> <li>- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- comunicación. - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	COIDADADO!	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Identificar os aparatos circulatorio e excretor así como o seu funcionamento. Identificar o aparato reprodutor do home e da muller	PE	60
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas a través da observación.		
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos de forma guiada.		
  - g) Enfoque globalizador. Análise do contexto e como o neno/a se achega ao seu coñecemento.
  - h) Modificación de esquemas de coñecemento. Partir dos coñecementos do alumno/a para modificalos mediante a aprendizaxe de novos coñecementos.
  - i) Utilización de estilos de ensino mediante a busca.
  - j) Aprendizaxe receptiva. O alumno/a retén o aprendido para utilizalo cando é requirido.
  - k) Aprendizaxe significativa. Relacionar as novas aprendizaxes co que o neno/a xa sabe.
- Ademais, o docente non debe esquecer as seguintes pautas de actuación:
- Preparará sempre a clase para evitar rutina e improvisación.
  - Dará explicacións breves, claras e concretas.
  - Creará un clima de atención.



- Cando se necesite, fará demostracións de exercicios.
- Utilizará vocabulario axeitado segundo o nivel dos alumnos/ás.
- Colocarase en lugares visibles durante as explicacións e demostracións.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación	
CLASIFICACIÓN MATERIAL E RECURSOS:	
A)	Convencional pequeno tamaño: aros, cordas, picas, conos, pelotas,...
B)	Convencional gran tamaño: porterías, canastras, bancos, colchonetas, pelotas grandes,...
C)	Non convencional: globos, toallas, sacos, teas, panos,...
D)	Non convencional refutable: xornais, botellas e bolsas de plástico, botes suavizante, vasos iogur,...
E)	Informático e audiovisual: proxector, pizarra dixital, ordenador, altofalantes, equipo de música,...
F)	Instalacións: patio exterior, gimnasio, pavillón,...

No centro dispoñemos, para a práctica da educación física, de todo tipo de material variado que se vai repoñendo segundo as necesidades e o presuposto. En función da unidade didáctica e sesión a impartir, empregaranse uns materiais e recursos diferentes. Deben estar acordes ás actividades para realizar. O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: a idade, as capacidades, a contorna, entre outras. Tamén teremos en conta para a impartición da área os recursos que nos ofrece a comunidade e o entorno (parques, ríos, praias, bosques, camiños, piscinas, pistas de tenis e outras instalacións) e que igualmente serán empregados cando así se considere.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Lagardera define a avaliación como un mecanismo de recollida de información que, unha vez valorada, serve para tomar determinadas decisións. A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débennos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe.

Á avaliación será:

+Global. Avaliará capacidades: psicomotrices, cognitivo-lingüística, afectivas, de relación interpersonal e de actuación e inserción social, e por extensión a adquisición das compet. clave.

+Continua. Recollerase a información de xeito permanente durante todo o proceso.

+Formativa. Orientada á mellora dos procesos e os resultados da intervención educativa, permitindo a adecuación á madurez, ritmo de aprendizaxe e rendemento.

+Integradora. Terá en conta o progreso en tódalas áreas.

Para garantir a súa efectividade, a avaliación cumprirá os seguintes parámetros:

+Sistematicidade, co que se relacionará coas demais partes do proceso.

+Integración no proceso educativo, xa que está é unha fase do propio proceso de ensino-aprendizaxe. Destacarase o seu carácter pedagóxico.

+Atención ás diferenzas individuais, personalizando na medida do posible.

+Utilización de distintos instrumentos de avaliación, adaptando o seu uso ao obxectivo a avaliar.

**AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE**

Teremos en conta:

+ Que avaliar. O grado de adquisición das competencias clave e dos obxectivos de etapa, utilizando como indicadores os criterios de avaliación.

+ Cando avaliar.

- Exploración inicial ou diagnóstica. Ao principio de cada unidade.
  - Avaliación continua ou formativa. Subministrando ao neno/a información de tipo causa-efecto, detallando os motivos dos erros; prescritiva, dando información de como saír do erro; e motivadora, convencendo ao neno/a das súas posibilidades para construír novas aprendizaxes.
  - Avaliación sumativa. Para comprobar o grao de consecución dos resultados a través dunha proba puntual. Tamén se poderá utilizar como avaliación inicial da fase seguinte.
  - + Como avaliar.
  - Obxectiva. Utilizarase en ocasións puntuais, a través de instrumentos e procedementos cuantitativos. Apropriada para coñecer o progreso dun alumno/a en determinados aspectos e obter información acerca do proceso evolutivo en que se atopa respecto ao seu grupo de idade, cumprindo unha función diagnóstica ao permitir detectar posibles deficiencias ou lagoas.
  - Subxectiva. Técnicas cualitativas baseadas no xuízo de valor do docente. Moi utilizada na educación física debido ás peculiaridades da área.
- Os instrumentos de observación que se empregarán serán os seguintes:
- + Rexistro anecdótico. No que se recollerán comportamentos que parezan importantes para propósitos de avaliación.
  - + Escala de valoración. Permitiranos situar ao alumno/a en relación co grao de desenvolvemento do comportamento ou da característica buscada. Tamén se prestará especial atención á avaliación criterial, na que o resultado obtido polo individuo se compara con outros resultados conseguidos por el mesmo, nas mesmas probas ou respecto a un criterio fixado de antemán. Desta forma valorarase o progreso realizado respecto da súa avaliación inicial

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación.

Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparárase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Ao ser unha programación didáctica para 2º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:

- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.
- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.
- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.
- COAVALIACIÓN: o alumnado será o responsable de avaliar aos seus compañeiros en aspectos e accións definidas polo docente.
- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.
- LUDOGRAMAS: permite observar e representar o rol dos xogadores; e contabilizar accións (por exemplo, o número de pases que fai).
- SOCIOGRAMA: permitiranos coñecer as relacións sociais que existen dentro dos membros do grupo.

CANDO SE AVALÍA?

#### 1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

#### 2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestre teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres. A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

Curso 2022/2023:

##### 1º TRIMESTRE (5 UD - 39%):

- UD. 1: 5,3 % = equivalente a un 0,53 da nota 1º trimestre.
- UD. 2: 25,6 % = equivalente a un 2,56 da nota 1º trimestre.
- UD. 3: 12,8 % = equivalente a un 1,28 da nota 1º trimestre.
- UD. 4: 38,4 % = equivalente a un 3,84 da nota 1º trimestre.
- UD. 5: 17,9 % = equivalente a un 1,79 da nota 1º trimestre.

Nota do 1º trimestre (suma das UD da 1 á 5)= 10

##### 2º TRIMESTRE (5 UD - 35%):

- UD. 6: 20 % = equivalente a un 2 da nota 2º trimestre.
- UD. 7: 20 % = equivalente a un 2 da nota 2º trimestre.
- UD. 8: 20 % = equivalente a un 2 da nota 2º trimestre.
- UD. 9: 20 % = equivalente a un 2 da nota 2º trimestre.
- UD. 10: 20 % = equivalente a un 2 da nota 2º trimestre.

Nota do 2º trimestre (suma das UD da 6 á 10)= 10

3º TRIMESTRE (5 UD - 26%):

- UD. 11: 19,2 % = equivalente a un 1,92 da nota 3º trimestre.
- UD. 12: 19,2 % = equivalente a un 1,92 da nota 3º trimestre.
- UD. 13 19,2 % = equivalente a un 1,92 da nota 3º trimestre.
- UD. 14: 19,2 % = equivalente a un 1,92 da nota 3º trimestre.
- UD. 15: 23,2 % = equivalente a un 2,32 da nota 3º trimestre.

Nota do 3º trimestre (suma das UD da 11 á 15)= 10

3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desenvolvemento das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.

Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Curso 2022/2023: - 1º TRIMESTRE (5 UD): 39 % equivalente a un 3,9 da nota final

- 2º TRIMESTRE (5 UD): 35 % equivalente a un 3,5 da nota final

- 3º TRIMESTRE (5 UD): 26 % equivalente a un 2,6 da nota final

- ORDINARIA (suma das 15 UD): 100% equivalente a 10.

#### **Criterios de recuperación:**

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

#### **6. Medidas de atención á diversidade**

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. As programacións deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais, polo tanto esixe asumir diferenzas dentro de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

##### **MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que lle permitirán aos docentes adaptar á diversidade do grupo. Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivos mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma, cobrando especial importancia o ordenador e a biblioteca de aula.

**ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).** A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas

que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación. Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programacións ás súas necesidades e posibilidades. Pódense contemplar distintas situacións:

- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algúns que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.

- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español. No caso do noso centro non presentan dificultades na área de educación física.

- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial. No caso do noso centro non presentan dificultades na área de educación física.

- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia. Neste centro, na etapa de primaria existe algún caso diagnosticado de TDAH, pero que non precisan de axuda para seguir o ritmo das sesións.

#### SITUACIÓN ACTUAL DOS GRUPOS

- AULA DE 4º NIVEL DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. Nos grupos aos que está dirixida esta programación non atopamos ningún alumno/a que precise dunha atención específica, por mor das súas características, para o correcto desenvolvemento das sesións na área de educación física.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X							
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X							
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial								
ET.6 - Educación Ambiental								
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión Lectora		X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita		X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X
ET.5 - Educación Vial		X
ET.6 - Educación Ambiental		X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X

### Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns.

Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación do profesor e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo.

Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado.

Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Baseándonos na lei educativa actual e na concreción no Decreto de Currículo de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados a continuación:

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Magosto	Saída ao entorno natural do centro, Dentro do programa das actividades de celebración do magosto realizaremos actividades multideportivas no patio e zonas verdes do centro.	X		
Día da Paz	Realizarase unha xornada de xogos cooperativos.	X		
Xogos Tradicionais	Saída do centro para unha xuntaza dos colexios da zona no parque municipal da Cachada para practicar e coñecer xogos populares e tradicionais como: Rá, Chave, Aro, Trompo, Tabas, Zancos,...		X	
Día Mundial do Medio Ambiente	Realizarase unha saída ao entorno natural próximo ao centro para realizar unha pequena andaina e xogos nesa contorna.			X

### Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan. Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes. Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente. Dende a área de Educación Física colaboramos cos outros equipos de dinamización do centro na realización das diferntes actividades Complementarias e Extraescolares propias da vida escolar.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais ( comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinariedade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).

### Descrición:

- Durante o propio proceso de ensino, sendo o seu fin reoríentalo cando o requira, por calquera motivo durante o transcurso da unidades didáctica.
  - Ao final das unidades didácticas, dende unha perspectiva que contemple globalmente como se foi desenvolvendo a mesma, que proporcione información sobre a práctica docente no seu conxunto e que permita coñecer que aspectos da unidade poden ser mellorados.
  - Trimestralmente, dende unha perspectiva global do trimestre para adoitar as medidas necesarias para a súa mellora se fose o caso.
- Teremos en conta indicadores como o grao de adecuación dos obxectivos didácticos e selección de contidos, congruencia entre obxectivos didácticos e metodoloxía, presenza de estratexias pedagóxicas que respondan aos distintos intereses e ritmos de aprendizaxe, adecuación dos medios materias empregados, etc.



## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. Serán dous os procedementos principais de avaliación da programación.

O primeiro deles levado a cabo polo propio mestre a través da reflexión e autoanálise e a cumplimentación dunha escala de valoración na que se recollerá en que grao e medida se axustan os diversos elementos que compoñen a programación ás pretensións iniciais desta.

O segundo procedemento consiste en dar opinión ao propio alumnado que valorará a través dunha escala diferentes aspectos que se lle presentarán dunha forma sinxela para que sexan quen de aportar a súa opinión en forma de cualificación sobre o que se lle propón.

Os diferentes datos obtidos serán analizados en conxunto para seguir mellorando e así poder dar forma axeitada a posteriores programacións que teñen o seu reflexo no desenvolvemento e posta en práctica diaria en cada unha das sesións e actividades e polo tanto na consecución final dos obxectivos de etapa e das competencias clave. Cos datos obtidos estableceranse as propostas de mellora que serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento vivo susceptible de ser modificado se as condicións o requiren para en todo momento, a ser posible, conteña as condicións necesarias para concluir con éxito o proceso de ensino e aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001471	CEIP Plurilingüe Praia Xardín	Boiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	4º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	24

## 1. Introducción

A Programación constitúe a concreción de todo o traballo a realizar no curso, razón pola que resulta de utilidade á hora de desenvolver o ano escolar e facilitar a súa lectura e comprensión por parte de todos os membros da comunidade educativa.

A Formación Religiosa e Moral Católica conta con unha larga tradición no sistema educativo español e, respondendo as razóns da institución escolar e aos dereitos recoñecidos pola Constitución española, está garantida polo Acordo suscrito entre o Estado e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, firmado o 3 de xaneiro de 1979, no que se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais. Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito a unha educación integral e o dereito das familias a elixir a educación dos fillos.

A área de Relixión Católica, favorece o proceso educativo, contribúe á formación integral e desenvolvemento da personalidade do neno e nena. Contribúe á autonomía personal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurales e diversos. Complementa a educación en valores humanos e cristiáns que orienta unha identidade personal autónoma, asertiva e a súa inserción na e comunidade. O currículo da ensinanza da relixión católica constitúe unha síntese básica e global da mensaxe cristiá. Enmárcase no contexto histórico e social, inclúe parte do acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita o análise comparado dos contidos en diálogo coa cultura de noso tempo. A mensaxe cristiá, presentada no currículo, fundamenta e motiva valores e actitudes así como favorece hábitos de comportamento. Preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade no tempo da cada etapa. Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven tódalas capacidades do ser humano, entre as que se atopa a capacidade transcendente. Esta capacidade básica adquire o seu cumprimento na búsqueda do sentido da vida. Enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubrindo (tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios da cada idade) nos símbolos e signos da contorna, no progreso e humanización da persoa, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns e, particularmente, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Neste contexto, tomando sempre ao alumno e alumna (coas súas características evolutivas, as súas circunstancias persoais, o seu distinto nivel de aprendizaxe, coas súas diferencias e necesidades) como soporte fundamental intentamos facer unha síntese da mensaxe cristiá, axeitada ao alumnado, ás esixencias da materia, ás expresións culturais e ás demandas didácticas do sistema educativo.

Na planificación da programación seguimos:

- Resolución do 21 de xuño de 2022, pola que se publican os currículos das ensinanzas de Relixión Católica correspondentes a Educación Infantil e Educación Primaria.
  - DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, no que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - REAL DECRETO 157/2022, 1 de marzo, establece a ordenación e ensinanzas mínimas da Educación Primaria, indica que as ensinanzas de Relixión incluíranse nesta etapa e o currículo será competencia da xerarquía eclesiástica.
- A Programación constitúe a concreción de todo o traballo a realizar no curso, razón pola que resulta de utilidade á hora de desenvolver o ano escolar e facilitar a súa lectura e comprensión por parte de todos os membros da comunidade educativa.

A Formación Religiosa e Moral Católica conta con unha larga tradición no sistema educativo español e, respondendo as razóns da institución escolar e aos dereitos recoñecidos pola Constitución española, está garantida polo Acordo suscrito entre o Estado e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, firmado o 3 de xaneiro de 1979, no que se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais. Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito a unha educación integral e o dereito das familias a elixir a educación dos fillos.

A área de Relixión Católica, favorece o proceso educativo, contribúe á formación integral e desenvolvemento da personalidade do neno e nena. Contribúe á autonomía personal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurales e diversos. Complementa a educación en valores humanos e cristiáns que orienta unha identidade personal autónoma, asertiva e a súa inserción na e comunidade. O currículo da ensinanza da relixión católica constitúe unha síntese básica e global da mensaxe cristiá. Enmárcase no contexto histórico e social, inclúe parte do acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita o análise comparado dos contidos en diálogo coa cultura de noso tempo. A mensaxe cristiá, presentada no currículo, fundamenta e motiva valores e actitudes así como favorece hábitos de comportamento. Preténdese que o alumno

adquira as competencias adecuadas á súa idade no tempo da cada etapa. Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven tódalas capacidades do ser humano, entre as que se atopa a capacidade transcendente. Esta capacidade básica adquire o seu cumprimento na búsqueda do sentido da vida. Enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubrindo (tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios da cada idade) nos símbolos e signos da contorna, no progreso e humanización da persoa, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns e, particularmente, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Neste contexto, tomando sempre ao alumno e alumna (coas súas características evolutivas, as súas circunstancias persoais, o seu distinto nivel de aprendizaxe, coas súas diferencias e necesidades) como soporte fundamental intentamos facer unha síntese da mensaxe cristiá, axeitada ao alumnado, ás esixencias da materia, ás expresións culturais e ás demandas didácticas do sistema educativo.

Na planificación da programación seguimos:

- Resolución do 21 de xuño de 2022, pola que se publican os currículos das ensinanzas de Relixión Católica correspondentes a Educación Infantil e Educación Primaria.
- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, no que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- REAL DECRETO 157/2022, 1 de marzo, establece a ordenación e ensinanzas mínimas da Educación Primaria, indica que as ensinanzas de Relixión inclúense nesta etapa e o currículo será competencia da xerarquía eclesiástica. A Programación constitúe a concreción de todo o traballo a realizar no curso, razón pola que resulta de utilidade á hora de desenvolver o ano escolar e facilitar a súa lectura e comprensión por parte de todos os membros da comunidade educativa.

A Formación Religiosa e Moral Católica conta con unha larga tradición no sistema educativo español e, respondendo as razóns da institución escolar e aos dereitos recoñecidos pola Constitución española, está garantida polo Acordo suscrito entre o Estado e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, firmado o 3 de xaneiro de 1979, no que se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais. Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito a unha educación integral e o dereito das familias a elixir a educación dos fillos.

A área de Relixión Católica, favorece o proceso educativo, contribúe á formación integral e desenvolvemento da personalidade do neno e nena. Contribúe á autonomía personal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurales e diversos. Complementa a educación en valores humanos e cristiáns que orienta unha identidade personal autónoma, asertiva e a súa inserción na e comunidade. O currículo da ensinanza da relixión católica constitúe unha síntese básica e global da mensaxe cristiá. Enmárcase no contexto histórico e social, inclúe parte do acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita o análise comparado dos contidos en diálogo coa cultura de noso tempo. A mensaxe cristiá, presentada no currículo, fundamenta e motiva valores e actitudes así como favorece hábitos de comportamento. Preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade no tempo da cada etapa. Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven tódalas capacidades do ser humano, entre as que se atopa a capacidade transcendente. Esta capacidade básica adquire o seu cumprimento na búsqueda do sentido da vida. Enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubrindo (tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios da cada idade) nos símbolos e signos da contorna, no progreso e humanización da persoa, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns e, particularmente, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Neste contexto, tomando sempre ao alumno e alumna (coas súas características evolutivas, as súas circunstancias persoais, o seu distinto nivel de aprendizaxe, coas súas diferencias e necesidades) como soporte fundamental intentamos facer unha síntese da mensaxe cristiá, axeitada ao alumnado, ás esixencias da materia, ás expresións culturais e ás demandas didácticas do sistema educativo.

Na planificación da programación seguimos:

- Resolución do 21 de xuño de 2022, pola que se publican os currículos das ensinanzas de Relixión Católica correspondentes a Educación Infantil e Educación Primaria.
- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, no que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- REAL DECRETO 157/2022, 1 de marzo, establece a ordenación e ensinanzas mínimas da Educación Primaria, indica que as ensinanzas de Relixión inclúense nesta etapa e o currículo será competencia da xerarquía eclesiástica.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos clave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural algunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O pecado afastame de tí	Concepto de pecado O valor do perdón O valor da Paz A torre de Babel	10	4	X		
2	Descubro o teu perdón	O pecado no A.T. O pecado orixinal O pecado e redención no rei David	10	4	X		
3	Celebro unha gran promesa	O Advento O Nada	15	5	X		
4	Ensínasme a perdoar	Parábolas O fillo pródigo O valor da boa convivencia	10	4		X	
5	Grazas pola túa axuda e amizade	As milagres A caridade, solidariedade e altruismo	10	4		X	
6	Alegrame cumprir a túa vontade	Semana Santa Pascua	15	4		X	
7	Reconcíome contigo	O sacramento do Perdón O valor de perdoar	10	3			X
8	Participo na túa celebración	Eucaristía O valor de compartir	10	3			X
9	Un tempo para ser solidario	Os tempos litúrxicos O valor da fraternidade	10	4			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O pecado afastame de tí	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos clave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	Cualifica algún tipo de pecado en situacións da contorna e comparaas coas dos relatos bíblicos	PE	50

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Explica algunhas das ensinanzas do relato "A torre de Babel"	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A centralidade da persoa na mensaxe cristiá.</li> <li>- A dignidade do ser humano.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Descubro o teu perdón	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	Identifica a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos	PE	50
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Describe algún comportamento do rei Davida que se opón á vontade de Deus Recoñece escenas da vida de David nas que Deus o perdoa	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A centralidade da persoa na mensaxe cristiá.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> </ul>



### Contidos

- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.

UD	Título da UD	Duración
3	Celebro unha gran promesa	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Realiza unha descrición dos personaxes presentes nunha obra de arte	PE	50
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Distingue expresións e símbolos do Advento e Nadal	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.

UD	Título da UD	Duración
4	Ensínasme a perdoar	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	Identifica, en obras de arte, escenas de perdón e explicaas	PE	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do NovoTestamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Relaciona aos personaxes da parábola do fillo pródigo co seu significado	TI	80
